

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para axilizar a concesión da Tarxeta Benvida, **núm. 38185 (10/PNC 003059)**.

Emenda de engádega.

Débense engadir os seguintes puntos:

“3. Permitir o uso da Tarxeta Benvida en tendas que teñan liña de roupa de bebé, aínda que as mesmas non teñan seccións “especializadas en puericultura”, o que permitiría acceder a produtos máis baratos en distintas tendas.

4. Posibilitar o uso da Tarxeta Benvida en tendas electrónicas de comercios que teñan tenda física no territorio galego.

5. Estudar a fórmula para permitir excepcionalmente o uso da Tarxeta Benvida fóra do territorio galego no caso da vacina do Meningococo B, namentres non se inclúa no calendario vacinal galego.

6. Garantir o acceso á Tarxeta Benvida por parte de todas as persoas migrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos de acceso a dita axuda.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2018 19:10:15

Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 19:10:25

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun centro de día no actual Centro Sociocomunitario de Ribadavia (10/PNC-003060, doc. núm. 38223)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha durante esta lexislatura un centro de día en Ribadavia (Ourense), contando coa colaboración do Concello, e buscando o mellor emprazamento posible dispoñible para dar servizo ás persoas maiores deste concello. En todo caso, garantírase a compatibilidade, segundo a normativa vixente para ambos servizos, deste centro co actual Centro Sociocomunitario de Ribadavia, e coas actividades que nel se realizan actualmente.”

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2018 16:59:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 16:59:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:12
Nº Rexistro: 39863
Data envío: 07/11/2018 17:12:35.064

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **34411 (10/PNC-002795)**, sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dun informe sobre a situación asistencial dos PAC de Galicia que recolla o número de persoal existente en cada un deles en todas as circunstancias do ano 2018, que figura na orde do día da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, convocada para o vindeiro 8 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte punto:

“Atender, sen máis dilación, as demandas d@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada, PAC, de cuxa táboa reivindicativa é coñecedor o Sergas.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:12
Nº Rexistro: 39863

Data envío: 07/11/2018 17:12:35.064

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 17:12:15

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 17:12:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **38824 (10/PNC-003114)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa consideración en situación de incapacidade ás persoas diagnosticadas dunha enfermidade crónica grave, nomeadamente oncolóxica, así como a reincorporación aos seus postos de traballo, que figura na orde do día da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, convocada para o vindeiro 8 de novembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que demande do goberno do estado a realización das modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social co obxectivo de:

-Considerar en situación de incapacidade permanente, unha vez que esgote o prazo máximo de duración da incapacidade temporal, a toda persoa que sexa diagnosticada dun carcinoma ou calquera outra enfermidade grave.

-Que se manteña esta cualificación até que se produza unha curación presumiblemente definitiva, entendéndose por tal a situación en a que as



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:12
Nº Rexistro: 39864
Data envío: 07/11/2018 17:12:43.336

revisións médicas derivadas da devandita enfermidade se prolongue cando menos en espazos de seis meses.

-Que a cualificación de incapacidade permanente nestes casos implique o dereito d@ beneficiari@ á reserva de posto de traballo.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 17:08:27

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 17:08:32

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Maria Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003092 (38698)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción do Centro de Saúde de Bouzas, no concello de Vigo.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proceder á construción do Centro de Saúde de Bouzas, axustado ao novo Plan Funcional máis adaptado ás necesidades da cidade de Vigo.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2018 17:59:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 07/11/2018 17:59:38